



25

Galician Houses 1994-2004

# CASAS DE GALICIA

arquitecturas da urbanización difusa

Toni García (ed.)

[008]

INTRO

25 Casas de Galicia  
25 Galician houses

Toni García

[014]

TXT-01

Os Territorios de  
urbanización difusa  
diffuse urban  
territories

Toni García

[024]

TXT-02

A Casa posular  
contemporánea  
Contemporary  
posular houses

Plácido Lizancos

[034]

TXT-03

Reunir os fragmentos  
Re-joining the  
pieces

Fernando Agrasar

[042]

CO-01

Casa para vendedora  
e ilustradora  
House for a  
Saleswoman and  
illustrator

Enrique Rodríguez

[048]

CO-02

Casa para biólogo e  
ingeniero  
House for a  
biologist and  
engineer

Carlos Seoane

[054]

CO-03

Casa para un  
enfermeiro  
House for a  
nurse

Xosé Manuel Rosales

[060]

CO-04

Casa para deseñadora  
de interiores e  
publicista  
House for an interior  
designer and  
Advertising Executive

Quinzás-Raya-Crespo

[066]

CO-05

Casa para un Doutor  
House for a Doctor

Angelika Lorenzen  
José Vilarinho

[072]

CO-06

Casa para un Avogado  
House for a Lawyer

Pedro de Llano

[078]

CO-07

Casa para unha Editora  
House for a Publisher

David Chipperfield

[084]

CO-08

Casa para un Artista  
House for an  
Artist

Toni García

[090]

CO-09

Casa para unha  
familia numerosa  
House for a large  
family

Jorge Sánchez

[096]

CO-10

Casa para unha  
socióloga  
House for a  
sociologist

A-Cero

[102]

CO-11

Casa para unha  
deseñadora e un  
montador de TV  
House for a designer  
and TV builder

José Valladares

[108]

CO-12

Casa para dous mestres  
House for two teachers

Lucía Nieto  
JM Semadeni Grañó

[114]

LU-01

Casa para un Director  
comercial  
House for a Sales  
Executive

Xosé Anxo Carreira

[120]

LU-02

Casa para un  
construtor de  
bloques  
House for a Concrete  
Block Manufacturer

Carlota Estrás

[126]

LU-03

Casa para Pintor e  
Arquitecto  
House for a Painter  
and Architect

José Doncel

[132]

PO-01

Casa para Mestre e  
Doutor  
House for a Teacher  
and Doctor

Xerardo Pérez

[138]

PO-02

Casa para deseñadora  
e arquitecto  
House for a  
decorator and  
Architect

Xabier Rivas  
Xosé Manuel Rosales

[144]

PO-03

Casa para dous mestres  
House for two Teachers

Eduardo Borea

[150]

PO-04

Casa para dous  
educadores  
House for two  
Teachers

José M. Fdez da Pena  
José Recuna

[156]

PO-05

Casa para dous  
mestres  
House for two teachers

Javier Franco  
Vicente Pintos

[162]

PO-06

Casa para un lingüista  
House for a Linguist

Guadalupe Piñeira  
José Irizarri

[168]

OU-01

Casa para un Coronel  
do Exército  
House for an Army  
Colonel

Vanesa García

[174]

OU-02

Casa para un psicólogo  
House for a  
psychologist

María Carreira  
Cándido López

[180]

OU-03

Casa para deseñadora  
e Construtor  
House for a  
designer and  
Constructor

Manuel Angel Jorrea

[186]

OU-04

Casa para dous  
psicólogos  
House for two  
biologists

Alfonso Penela

[192]

EDICIÓN DE TEXTOS  
EN ESPAÑOL



CO-02

Casa para Bióloga e Enxeñeiro House for a Biologist and Engineer

Esta casa é froito dunha case imposible, coma un deses amores de verán. Un encontro casual nunha noite de calima. Non é que fose un fillo non desexado, senón simplemente froito dunha unión insospeitada de esas que dan sempre unha inmemorable lembranza pero tamén das que deixan o cu marcado por áreas de praia. De no ter sido así, a todos lles parecería inviable a dificultade do encontro entre un escaso orzamento e as necesidades dunha familia que con tres nenos atopábase coma "toro en cacharreira" nun apartamento de Santiago e pedía a berros: espacio, máis espacio.

Espacio por tanto como pura necesidade vital, non para grandes celebracións nin tampouco con pretensións de moito significado, senón simplemente para poder correr e xogar. Así a labourea principal foi a de alongala casa no posible para que os nenos tiveran lugar onde correr e ao tempo abríala ao exterior, para que cando a casa acabase, os nenos puideran seguir correndo finca arriba, finca abaixo.

Diante desa necesidade imperiosa e pola limitación económica procurei habilitar calquera lugar posible coma sitio para xogar. Por iso o elemento máis importante da casa é o corredor. O corredor non tanto coma lugar de circulación senón coma ese espacio ambiguo onde todo pode acontecer, dende a guerra diaria de almofadas, ate o torneo anual de canicas. A casa enteira se organiza en torno ao corredor e as demais dependencias simplemente o serven coas máquinas e os útiles que máis o molestan: os cuartos, cos leitos onde os habitantes do corredor descansan de cando en vez; a salía, coa televisión e os sofás para os intermedios entre pelexa e pelexa e a cociña con todo tipo de máquinas para preparalo alimento dos infatigábeis habitantes.

O corredor procura por tanto primeiro distancia para poder correr, pero ademais esquinas e voltas onde poder agochase dos omnipresentes e queridísimos irmáns. Nunha desas voltas, o corredor sae ao exterior e transformase nun patio onde continuar cos xogos cando apenas se descubra algo de sol. Nunha outra volta aparece a cociña, que a modo de ponte de mando vixía os xogos dos nenos dende a cancela de entrada ate a última árbore do xardín. A cociña, non tanto coma un lugar propio senón tan so coma un ensanchamento do corredor ao que lle ofrece o seu espacio pero tamén a mesa para aqueles xogos que necesiten asento. Todo queda dado en función desa necesidade vital de espacio para poder crecer xogando.

E difícil entender unha casa sen unha familia e esta casa tenta sobre todo ser o fogar da familia vieira, un lugar onde tres irmáns poidan crecer ao abrigo do norte e xogar ate acabar con tódalas almofadas da casa, esperando que chegue o verán para poder saír ao patio e correr máis todavía.

Houbo un tempo no que facer Arquitectura era isto, tentar facelos mellores fogares posibles, hoxe quizais xa non é así, as arquitecturas coma os fogares da xente son cada vez máis virtuais e efémeros.

Quede cando menos a lembranza de aquelas noites de verán e a satisfacción de ver a uns nenos correr nunha casa. Porque houbo un tempo no que non había nin cremas ultravioleta nin videoxogos, tan so suor e graxa, autentico frenesí desbocado que sempre fai esquentelas areas da praia.

This house is the fruit of an almost impossible union, like a summer love affair. A chance meeting on a hazy night. It is not an unwanted child, but simply the fruit of an unsuspected coupling like one which leaves a superlative memory but also one's buttocks covered with sand from the beach. If it had not turned out this way, all involved would have found the binomial "low budget - family with three children" unfeasible. The family were like the proverbial "bull in a china shop", living in an apartment in Santiago and crying out for space, more space.

Therefore space was a pure vital necessity, not for great celebrations or laden with pretensions, but simply to be able to run around and play. Thus the main task was stretching the house as much as possible so that the children would have room to run around and at the same time open it up to the outside so that when the house ended the children would be able to continue running up and down in the garden.


Due to this expediency and the budget limitation, great efforts were made to make as much playing space as possible. The corridor became the most important element of the house. It is not just a circulation space but an ambiguous zone where anything can happen, from the daily pillow fight to the annual marbles championship. The whole house is organized around the corridor and the remaining rooms simply serve it containing "inconvenient" machines and utensils: the bedrooms, where the corridor dwellers rest every now and then; the living room, with the television and the sofas for the interludes between battles and the kitchen with all sorts of appliances to make food for the tireless residents.

The corridor primarily provides length in which to run, but also corners and turns where one can hide from one's omnipresent beloved brothers. After such a turn the corridor goes outside and becomes a courtyard to allow for the continuation of games in the sun. After another turn the kitchen appears, which as a kind of command post, permits the surveillance of the children's games from the gate to last tree in the garden. The kitchen is no self-contained space but the mere widening of the corridor to which it cedes its space and its table for games that require it. Everything is subordinated to the vital necessity for space in order to be able to grow up playing.


It is difficult to understand a house without a family and this house attempts to be the home of the Viera family. A place where three brothers can grow, sheltered from the north wind and play until they finish with all the pillows in the house, waiting for the summer to arrive so that they can run around even more in the yard.

There was a time when creating architecture was just that, striving to make the best possible home. Today however, the architecture of the home is more and more superficial and ephemeral.


At least the memory of those summer nights remains and the satisfaction of seeing the boys running around in the house. There was a time when there was no sun block nor video games, just sweat and grease, real runaway frenzy which allows one to forget the sand from the beach.



Corte Section



Corte Section



Planta baixa Ground floor

- |                             |                     |
|-----------------------------|---------------------|
| 01. Cociña Kitchen          | 06. Garaxe Garage   |
| 02. Salón Sitting room      | 07. Baño Bathroom   |
| 03. Comedor Dining room     | 08. Aseo Toilet     |
| 04. Cuarto Bedroom          | 09. Despensa Pantry |
| 05. Lavandaría Laundry room | 10. Vestíbulo Hall  |

**Localización Site:**

A Curuxeira, Santiago de Compostela

**Proxecto Project:**

Carlos Seoane

**Colaborador Collaborator:**

Antonio Ramos Reboredo. Aparellador Quantity Surveyor

**Data proxecto Date of project:**

Outubro 1997 October 1997

**Fin de obra Completion date:**

Marzo 1998 March 1998

**Custe da obra Building cost:**

116.000 Euros

**Superficie Built area:**

construída Built: 125 m<sup>2</sup>

**Oficio propietarios Profession of clients:**

Bióloga e Enxeñeiro Biologist and Engineer

**Constructor Main Contractor:**

Boqueixón S.L.

Lamas, Sergude, Boqueixón.

**Electricidade Electrical installation:**

Electricidad Lago

Rúa Sta. Uxia de Ribeira 12 1:C

Santiago de Compostela. 981566533

**Fontanería e Climatización:**

Plumbing and Air conditioning:

Rogelio Lista Pirez, Rúa Noia 5.

Santiago de Compostela.



Situación Site



▲ Vistas exteriores  
Exterior views

C0-02

Vista interiores ▲  
Interior views



▲ Vista exterior nocturna  
Nocturnal exterior view

CO-02